

# DIVULGACIÓN

## Os morcegos de Galicia.

Programa "Morcegos de Galicia"-Asociación Drosera.

Ramón Seage (texto) e Roberto Hermida (fotografías)

Se exceptuamos o lobo, poucos animais carrexan unha pexa tan grande de mitos ás súas costas coma os morcegos. E non falo só de meigas e vampiros. Cando percorremos Galicia e contactamos coa xente de distintos lugares na procura de novas citas ou posibles refuxios, a meirande parte das veces obtemos, primeiro, estrañeza e, de seguido, anécdotas, falsas crenzas e mitos que sempre tentamos desmentir.

“Antes había moitos -xa non, parecen querer dicir -, cazabámoslos con ramallos de toxo e dabámoslle de fumar”. Ou cosas como “Viven nos hórreos. Van alí porque van comer nos grans do maízo”. Incluso hai xente que afirma telos visto comer dos xamóns e chourizos que estaban a curar. Canto temos falado nós das merendas que nenos e maiores terán botado a costa da “boa fama” dos pobres morcegos.

O caso é que esta suposta dieta dos quirópteros, a base de maízo e porco, nada ten que ver coa realidade. Mentres que nas zonas tropicais podemos atopar morcegos que se alimentan de froita, de néctar de flores e mesmo de sangue (aínda que tan só hai tres especies de quirópteros hematófagos), os morcegos europeos son todos exclusivamente insectívoros, e aí radica a súa importancia ecolóxica e parte da explicación do seu éxito evolutivo.

Teñen moita importancia ecolóxica, pois son os principais consumidores nocturnos de insectos, substituíndo os paxaros, que o son durante o día. Un morcego de tamaño medio consome arredor de 4 gramos de insectos por noite, o que se traduce nunhas 100-200 presas, controlando, dese xeito, os tamaños das poboacións de artrópodos nos nosos ecosistemas.

Éxito evolutivo que é innegable. Con preto de 1000 especies, son o segundo grupo de mamíferos máis diverso, só detrás dos roedores. Mentres,



en Galicia, a situación invértese: os morcegos pasan a ser, con 23 especies –polo momento- o número un neste ranking, por diante dos roedores, que suman 17. Se, ó feito de carecer de competidores e, practicamente, de depredadores naturais habituais, sumámoslle que os morcegos posúen un nicho trófico cunha enorme variedade de presas -que permite unha gran especialización-, temos xa as claves que nos permiten entender o por que do seu éxito.

É dicir, que en teoría sería de esperar que as poboacións de morcegos florescen alí onde se asentasen, despreocupados pola abundancia de recursos e a falta de competencia e ameazas. Lamentablemente a situación é todo o contrario. Os quirópteros son un dos grupos máis ameazados a escala europea. O declive das súas poboacións –e mesmo a extinción de especies nalgúns países- está ben documentada dende hai 50-60 anos. Como principais causas que se aducen para xustificar este descenso poboacional están o emprego masivo, durante anos, de insecticidas e herbicidas en cultivos e bosques, a desaparición e illamento dos hábitats naturais e a destrución e molestias nos refuxios que empregan. Pero a todo isto hai que engadir unha problemática máis derivada da propia bioloxía dos morcegos. En canto á súa estratexia reprodutora, poderíamos dicir que os quirópteros son moi K. É inusual en animais do seu tamaño acadar a idade reprodutiva cara ó segundo ano de vida, ter, como moito, unha cría por tempada e chegar a vivir na natureza ata uns 30 anos. Por este motivo, cando unha colonia se ve afectada por unha elevada mortalidade, precisa de moitos anos para tornar ó seu tamaño orixinal.

Por todos estes motivos, os quirópteros europeos son o grupo que conta cun maior número de especies protexidas pola lexislación europea. De feito, todas as especies de morcegos aparecen recollidas no Anexo IV da Directiva Hábitats (Especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren unha protección estrita) e 8 das especies presentes en Galicia están recollidas, ademais, no Anexo II (Especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa preservación é necesario designar Zonas Especiais de Conservación).

Sabemos que as poboacións europeas de morcegos estanse a ver reducidas nos últimos 60 anos porque hai seguimentos poboacionais dende hai 60 anos. Podemos apuntar algunhas das causas que orixinaron esta situación porque se fixeron centos de estudos para buscar os factores implicados.

Incluso estanse a tomar medidas e elaborándose plans de xestión grazas á implicación das Administracións na conservación destes mamíferos únicos e fundamentais para o equilibrio dos ecosistemas. Pero, cal é a situación en Galicia?

O primeiro do que hai que dispoñer antes de tratar o estudio dun grupo é saber qué se ten e onde está. É dicir, un inventario e un atlas. Grazas á sucesiva aparición de citas en distintas publicacións ó longo dos últimos 30 anos empezamos a ter certa información respecto das especies presentes en Galicia e á súa distribución.

Historicamente, as fontes para a obtención de citas eran, principalmente, a identificación de exemplares mortos e a prospección de refuxios. Lamentablemente, esta metodoloxía ten varias limitacións. A primeira é que a detección e prospección de refuxios é laboriosa e ata pode chegar a ser unha actividade arriscada; por outra banda, os resultados poden aparecer nesgados a favor daquelas especies con hábitos troglófilos (moitas delas ocupan casas tamén) e de fácil detectabilidade nos refuxios (como é o caso dos rinolófidis). Outra limitación desta metodoloxía é que apenas proporciona datos acerca da ecoloxía dos morcegos. Por exemplo, a presenza dunha especie nun refuxio localizado nun hábitat concreto non nos dá información sobre o uso do espazo desta especie, dado que falamos de animais voadores cunha alta mobilidade.

É grazas á incorporación dunha nova metodoloxía, en combinación coas técnicas clásicas, o que nos está a permitir dar un paso adiante no coñecemento dos hábitos dos nosos quirópteros. Capturamos exemplares con redes xaponesas durante as horas de actividade mentres voan, cazan ou beben. A identificación facémola en man ou por marcadores xenéticos específicos. Os exemplares capturados son medidos e pesados co obxecto de caracterizar as poboacións galegas. Tamén comezamos a empregar, este ano, o radioseguimento de especies para a localización de refuxios. Esta técnica estanos a ofrecer os primeiros datos para Galicia da localización de colonias de especies forestais, de distribución e abundancia infravaloradas pola dificultade que implica a prospección dos seus potenciais refuxios. O emprego de detectores de ultrasóns é o principal método non invasivo co que contamos. A través da análise dos sonogramas, podemos identificar un bo número de especies e facer un seguimento da súa actividade nocturna: cantos exemplares hai nun refuxio, cando saen, por onde se moven ou



onde cazan son algún dos datos que se poden obter con esta técnica.

A xeito de resumo, faremos unha enumeración das 23 especies detectadas en Galicia ata o momento, xunto cunha pequena recensión dos datos ecolóxicos que puidemos inferir.

*Rhinolophus hipposideros* (Bechstein, 1800). Trátase dunha das especies máis frecuentes en Galicia. Emprega sobre todo construcións humanas como refuxio, pero tamén minas e covas, nos que repousa pendurado do teito. Caza fundamentalmente en zonas arboradas ou en estruturas lineais de vexetación como sebes e beiras de camiños.

*Rhinolophus ferrumequinum* (Schreber, 1774). Especie amplamente distribuída, aínda que parece faltar nunha ampla zona do interior de Lugo. Emprega case exclusivamente construcións humanas durante a cría, se ben tórnase eminentemente cavernícola no inverno. Parece alimentarse preferentemente de grandes coleópteros coprófagos, polo que se ve favorecido pola presenza de gando en extensivo.

*Rhinolophus euryale* (Blasius, 1853) presenta unha distribución máis puntual e nas zonas máis térmicas de Galicia. Emprega construcións humanas e cavidades para refuxiarse.

*Myotis alcaethoe* (Helversen et al. 2001). Trátase dunha especie de recente descrición que tan só foi capturado en dúas localidades en Galicia. Foi detectado por primeira vez no val do río Lóuzara nunha contorna dominada por soutos de castiñeiro, e nas Fragas do Eume nunha ladeira de fraga con predominancia de carballo novo.

*Myotis mystacinus* (Kuhl, 1817). Especie forestal que parece mostrar preferencia por hábitats con grandes masas de caducifolios e orografías complexas. Foi capturado nas serras de Os Ancares e O Courel, na cabeceira do río Sor e nunha contorna eminentemente agrícola na conca alta do río Miño. Tamén aparece na parte alta do PN Fragas do Eume.

*Myotis escaleraei* (Cabrera, 1904). Especie común na Península Ibérica, que ata datas recentes era englobada en *M. nattereri*, que é a especie europea. Morcego que parece ligado a masas forestais e do que cada día se obteñen novas citas en Galicia. No PN Fragas do Eume é unha das especies máis frecuentes dentro da masa de caducifolios.

*Myotis* sp1. Trátase dunha especie que está todavía sen describir e que pertence ó grupo *M. nattereri*. Cunha distribución bioxeográfica máis eurosiberiana ca *Myotis escaleraei*, foi detectado en simpatría con este



Imaxe 1. Agrupación de cría de *Rhinolophus euryale*, *Miniopterus schreibersii* e *Myotis emarginatus* nunha cavidade galega.

nas Fragas do Eume.

*Myotis myotis* (Borkhausen, 1797). Trátase dunha das especies máis descoñecidas da quiropteroфаuna galega. Tan só unha colonia de cría detectada, no Morrazo, e citas espalladas no resto de Galicia. Emprega como refuxio covas, fundamentalmente.

*Myotis blythii* (Tomes, 1857). Especie moi similar morfolóxicamente á anterior, conta cunha soa cita en Galicia, correspondente á contorna do PN Enciña da Lastra.

*Myotis emarginatus* (Geoffroy, 1806). Aparece frecuentemente con *R. ferrumequinum* nas agrupacións de cría e foi capturado en ambientes diversos, dende dunas costeiras ata zonas boscosas por riba dos 400 m.

*Myotis bechsteinii* (Kuhl, 1817). Detectado tan só en dúas localidades do SO de Galicia e nunha do norte; dúas delas corresponden a refuxios de



inverno e a outra, na península do Morrazo, a unha poboación reprodutora. Trátase dunha especie eminentemente forestal.

*Myotis daubentonii* (Kuhl, 1817). Especie intimamente ligada a masas de auga: ríos de distinto tamaño con presenza de lámina de auga, encoros e lagoas. É facilmente identificable polo seu comportamento, xa que caza en voo rasante sobre a superficie de auga. Amplamente distribuído por



Imaxe 2. Dous exemplares de *Myotis daubentonii* nun refuxio típico: unha fenda, no val do río Navia.

toda Galicia.

*Pipistrellus pipistrellus* (Schreber, 1774). É, con diferenza, a especie máis abundosa e versátil. Aparece en todo tipo de ambientes, se ben soe empregar como refuxio construcións humanas.

*Pipistrellus pygmaeus* (Leach, 1825). Especie críptica da anterior, diferénciase dela pola frecuencia máxima das súas emisións de ultrasóns. Moi vencellada a cursos de auga, polo momento só foi detectada nas concas altas e medias dos ríos Miño e Lor, onde é localmente abundante.

*Hypsugo savii* (Bonaparte, 1837). Facendo honra ó seu nome común (Morcego montañoiro) é unha especie relativamente frecuente e abundante na montaña oriental de Lugo. Sen embargo, algunhas citas dispersas



nos arredores da cidade de Ourense e no curso baixo do Miño, parecen amosar certa versatilidade altitudinal por parte deste morcego.

*Nyctalus leisleri* (Kuhl, 1817) Trátase dunha especie común alí onde hai abundancia de árbores de bo tamaño e certa idade, como os soutos de castiñeiros ou as fragas do interior de Lugo. Capturouse unha femia preñada no Morrazo e outra lactante no Courel.

*Nyctalus lasiopterus* (Schreber, 1780). Especie descoñecida ata o ano pasado en Galicia. Capturáronse tres exemplares no val do río Támega e outro máis nos Ancares, sempre en entornos de masas caducifolias con árbores de certa idade.

*Eptesicus serotinus* (Schreber, 1774). É unha especie común amplamente distribuída polo territorio. De marcado gusto antropófilo, emprega como refuxio construcións humanas e como zona de caza, hortas, prados e cultivos en xeral.

*Barbastella barbastellus* (Schreber, 1774). Morcego típico de zonas boscosas con caducifolios. Dúas colonias de cría foron detectadas baixo as codias de carballos mortos.

*Plecotus auritus* (Linnaeus, 1758). Os morcegos orelludos soen cazar pequenos artrópodos que se atopan pousados sobre superficies, non en voo. Especie relativamente frecuente que pode formar colonias de cría en faiados de casas.

*Plecotus austriacus* (Fischer, 1829). Com-



Imaxe 3. *Plecotus auritus* descansando nun refuxio no val do río Eume.



portamento similar á anterior especie, coa que se atopa en simpatría. A selección de refuxios de cría é semellante, coñecéndose agrupacións en viadutos e faiados de casas.

*Miniopterus schreibersii* (Kuhl, 1817). Morcego que aparece distribuído exclusivamente polo terzo oriental de Galicia. Cría exclusivamente en covas con tamaños das agrupacións de entre 50 e 3200 exemplares adultos.

*Tadarida teniois* (Rafinesque, 1814). Está presente nunha franxa do oriente galego que vai dende o nacemento do río Eo ata a fronteira con Portugal, coincidente coa área de maior influencia mediterránea en Galicia. O límite setentrional da súa área de distribución en Galicia o atopamos á altura da vila da Fonsagrada. Caza a grande altura avelaiñas e outros grandes insectos.

## Referencias:

www.morcegosdegalicia.org  
blogdrosera.blogspot.com

web:

bibliográficas:

- Balmori, A. (1998). El estudio de los quirópteros a través de sus emisiones ultrasónicas. *Galemys* 10(1), pp 12-19
- Balmori, A. (1999). La reproducción en los quirópteros. *Galemys* 11(2), pp 17-34
- Balmori, A. (2003). Avances en el conocimiento de la biología y la organización social del murciélago rabudo. *Galemys* 15(nº esp), pp 37-53
- Barros, A. (2004). Nueva localidad para *Myotis nattereri* (KUHL, 1818) en la provincia de A Coruña. *Galemys* 16(1), pp 61-62
- Boyle, P. e M. Dietz (2005). Development of good practice guidelines for woodland management for bats. English Nature Research Reports, nº 661
- Flaquer et al. (2004). Contribución al conocimiento de la distribución de la fauna quiróptero-lógica de Cataluña. *Galemys* 16(2), pp 39-55
- Galán et al. (2005). Datos sobre distribución de quirópteros en el norte de Galicia. *Galemys* 17(1-2), pp 71-85
- Galán, P. (2000). Primeros datos sobre el murciélago bigotudo *Myotis mystacina* (Kuhl, 1817) en Galicia. *Galemys* 12(1), pp 41-47

Nota do editor: O equipo de Drosera vén de ser entrevistado en:

- Serra, Rafael (2009) Buscando a Isabel desesperadamente. *Quercus*. 284, Outubro '09. pp. 54-57.